

REGULAMENTO PARA CONCESION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ (BOP 24-04-2002)

REGULAMENTO MUNICIPAL PARA A CONCESIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ.

TITULO I.- OBXECTO, ÁMBITO E INTERPRETACIÓN

Artigo 1.- Obxeto e Réxime Xurídico.- O presente Regulamento ten por obxecto a regulamentación dentro do municipio de Caldas de Reis, da concesión da Tarxeta de Estacionamento para persoas con Minusvalidez, que dentro do marco da lexislación vixente, compete a cada concello.

Este Regulamento insíbese dentro do ámbito de actuación da Lei 4/1993 de 14 de abril, de Servicos Sociais, da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e da Lei 8/1997 de 20 de agosto, sobre accesibilidade e eliminación de barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia e do decreto 35/2000, de 28 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da citada lei.

Artigo 2.- Interpretación.-A interpretación deste Regulamento é competencia dos órganos de goberno deste concello.

Artigo 3.- Natureza Xurídica.- A Tarxeta de Estacionamento para persoas con Minusvalía, establécese como o instrumento que permitirá facilita-lo aparcamento ás persoas residentes neste concello, e que contén unha minusvalía que lles supoña dificultades e/ou limitación de mobilidade nos seus desprazamentos. Dita tarxeta terá carácter persoal e intransferible.

A mesma, autoriza o estacionamento de vehículo de uso habitual da persoa minusválida nos lugares sinalados como reservado para minusválidos.

TITULO II.- DESTINATARIOS E VALIDEZ DA TARXETA

Artigo 4.- Destinatarios.- Todas aquelas persoas con minusvalía recoñecida polos órganos competentes da Consellería de Sanidade e Servicos Sociais, que estean empadroados e con domicilio no termo municipal de Caldas de Reis, sempre que esta minusvalía lles xenere problemas de mobilidade e desprazamento.

Artigo 5.- Ambito de validez.-

- a) Ambito territorial: A tarxeta terá validez en calquera concello pertencente á Comunidade Autónoma Galega, nos que existan prazas reservadas para o aparcamento específico de minusválidos. Non obstante, no suposto de cambio de domicilio do beneficiario dunha tarxeta de accesibilidade, éste deberá solicitar o traslado do expediente ó novo municipio de residencia.
- b) Ambito temporal: No suposto de que a calificación de minusvalía sexa provisional a tarxeta terá unha caducidade de dous ou cinco anos en función da natureza da minusvalía que será apreciada no informe do Dpto. de Servicos Sociais do concello. No suposto de que a minusvalía sexa calificada de permanente, a tarxeta caducará ós dez anos da súa concesión.

En ambos supostos, para a renovación da tarxeta seguiráse o mesmo procedemento que para o outorgamento da inicial.

TITULO III.- PROCEDEMENTO

Artigo 6.- Procedemento.- Corresponderá o Concello de Caldas de Reis a concesión da tarxeta de

estacionamento ós residentes do Concello interesados na súa expedición de acordo co seguinte procedemento:

a) O expediente se iniciará a instancia da persoa interesada mediante a presentación, en calquer momento do ano, dunha instancia-solicitud no rexistro xeral do concello que deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Copia autenticada do D.N.I. do solicitante e/ou representante legal.
- Certificado de empadramento ou convivencia no termo municipal de Caldas de Reis.
- Permiso de conducir do minusválido e/ou do conductor habitual do vehículo.
- Declaración xurada do conductor habitual (non minusválido), facendo constar que soamente utilizará aparcamentos reservados para minusválidos, cando sexa trasladada a persoa con dificultades motoras.
- Documentación (no seu caso) do vehículo con acreditación de ser adaptado.
- Derradeiro xustificante do pago do Imposto de Circulación, ou exención no seu caso.
- 2 fotografías tamaño carné da persoa aqueixada pola minusvalía.

Si a solicitude de iniciación non reúne os requisitos anteriores, se requerirá ó interesado para que nun prazo de dez días subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos coa indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido na súa petición.

b) O Concello remitirá copia da solicitude ó equipo de valoración e orientación (EVO) dependente da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais para a evacuación do informe preceptivo e vinculante para a resolución do procedemento.

c) Completado o expediente co Informe a que se refire o apartado anterior, se remitirá ó Dpto. de Servizos Sociais do Concello co obxecto de realizar a proposta de resolución que será elevada a Comisión de Goberno como órgano municipal competente para resolver.

Artigo 7.- Modelo de Tarxeta: As Tarxetas Municipais de Aparcamentos para persoas con minusvalía motora, serán impresas segundo o modelo oficial proposto na Lei 8/1997 de 20 de agosto, sobre Accesibilidade e Eliminación de Barreiras da Comunidade de Galicia e do decreto 35/2000, de 28 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da citada lei.

TITULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 8.- Infraccións e sancións.- No suposto de que se detecte un uso indebido da tarxeta, de maneira reiterada e debidamente probado, con independencia da sanción pecuniaria que poidera recaer no procedemento sancionador incoado ó efecto, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos mediante acordo do órgano municipal que a houbera expedido.

DISPOSICIÓN ADICIONAL UNICA.- As persoas que á entrada en vigor deste Regulamento estean en posesión da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Minusvalía expedidas por este Concello, non terán que renova-la ata transcorrido o prazo sinalado no acordo de outorgamento dende a data no que lle foi concedida. A este efecto, notificaráselle persoalmente a cada posuidor da Tarxeta esta circunstancia.

DISPOSICIÓN FINAL UNICA.- Este Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o acordo da súa aprobación definitiva no B.O.P, así como o seu texto íntegro, e transcorrida o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local.”